

**ACTIVIDADES DE LINGUA E LITERATURA GALEGA PARA REALIZAR
A SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL.**



SEGUIDE ASÍ, ESTÁDELO A FACER MOI BEN!

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 1º ESO

SEMANA DO 30 MARZO AO 3 DE ABRIL

1ª SESIÓN

Nesta 1ª sesión da semana debes corrixir o traballo que fixestes a semana pasada. Para facelo consultade o documentos coas correccións que os deixamos na apartado de Departamento de Lingua Galega e Literatura da Páxina Web do centro. Fixádevos ben, das correccións tamén se aprende.

2ª SESIÓN

Tema 8:

Lectura: *A sensación de Camelot.* (páx. 137)

Despois da lectura do texto, debes facer no voso caderno os 7 primeiros exercicios. (páx. 138)

3ª SESIÓN

Folleto publicitario (páx. 139)

Despois de ler a información dobre o folleto publicitario, debes facer os exercicios 1 e 2. Dadas as circunstancias, o exercicio 2 teredes que facelo individualmente.

4ª SESIÓN

A alimentación(I) (páx.140-141)

Exercicios 1,2,3,4 e 5.

Debes facer as tarefas no caderno de clase.

O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para que vos autocorrixades.

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

TAREFAS AGRUPAMENTO 1ºESO

1ª SESIÓN

CORRECCIÓN DA SEMANA PASADA

2ª SESIÓN

Páxina 108 : exercicios 6 e 7.

Páxina 111: exercicios 1, 2 e 3.

3ª SESIÓN

Páxina 111: exercicios 4 e 5.

Páxina 113: exercicios 1, 2 e 3.

4ª SESIÓN

Páxina 115: exercicios 1,2,4 ,7 e 8.

Debedes facer as tarefas no caderno de clase.

**O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para
que vos autocorrixades.**

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 2º ESO
SEMANA DO 30 MARZO AO 3 DE ABRIL

1ª SESIÓN

Nesta 1ª sesión da semana debes de corrixir o traballo que fixestes a semana pasada. Para facelo consultade o documentos coas correccións que os deixamos na apartado de Departamento de Lingua Galega e Literatura da Páxina Web do centro. Fixádevos ben, das correccións tamén se aprende.

2ª SESIÓN

O GALEGO NA SÚA CONTORNA. A TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA.

(Páx. 122)

Despois de ler a páx. 122, debes de facer os exercicios 1, 2 e 4 da páx. 123. O segundo punto da 1ª pregunta debes de facelo, dadas as circunstancias, por escrito.

3ª SESIÓN

A ACENTUACIÓN. (Páx. 126)

Consultando a parte teórica da acentuación (páx. 126), debes de facer os exercicios 1,2,3,4,e 5 da páx. 127.

Debes de facer as tarefas no caderno de clase.

**O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para
que vos autocorrixades**

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

ACTIVIDADES AGRUPAMENTO 2ºESO

1ª SESIÓN

CORRECCIÓN DA SEMANA PASADA

2ª SESIÓN

Lectura do tema 6

Páxina 114 : exercicio 3

Páxina 115: exercicios 9, 10, 11 e 14

3ª SESIÓN

Páxina 117: exercicios 1 e 2

Páxina 118: exercicios 1 e 3

Páxina 120: exercicios 1 e 2.

Debedes facer as tarefas no caderno de clase.

**O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para
que vos autocorrixades**

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 3º ESO

SEMANA 30 DE MARZO-3 DE ABRIL

1ª SESIÓN: autocorraxir a partir do solucionario facilitado as actividades realizadas esta semana.

2ª SESIÓN:

Todos os grupos de 3º de ESO:

Creación: Le a información sobre o *Retrato e Autorretrato* (páx. 110) e fai o teu autorretrato connotativo. Se queres débúxate a ti mesmo/a. Máximo, a cara dun folio.

3ª SESIÓN:

Todos os grupos de 3º de ESO.

Historia da Literatura. Os Séculos Escuros.

Entrade nesta ligazón e visionade esta presentación sobre os SSEE:

<http://oportaldebelen.blogspot.com/2018/04/video-sobre-os-seculos-escuros.html>

A seguir entrade nestoutra ligazón onde veredes unha presentación máis completa sobre o tema e responde ao cuestionario. Cando rematedes o cuestionario hai a posibilidade de autocorraxilo directamente e saber os fallos que tivestes e como son as respostas correctas.

<http://oportaldebelen.blogspot.com/2019/02/e-as-luces-apagaronse-os-seculos-escuros.html>

Agás a actividade da 3ª sesión debedes facer as tarefas no caderno de clase.

O próximo venres subiremos os exercicios resoltos para que vos autocorraxades

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 4º ESO

SEMANA DO 30 MARZO AO 3 DE ABRIL

1ª SESIÓN

Nesta 1ª sesión da semana debes corrixir o traballo que fixestes a semana pasada. Para facelo consultade o documentos coas correccións que os deixamos na apartado de Departamento de Lingua Galega e Literatura da Páxina Web do centro. Fixádevos ben, das correccións tamén se aprende.

2ª SESIÓN

ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN (Páxinas 176-77)

Exercicios 1-11. (páx. 176)

3ª SESIÓN

Exercicios 12-21. (páx. 177)

Debes facer as tarefas no caderno de clase.

**O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para
que vos autocorrixades.**

Moito ánimo!!!!!!!!!!!!

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 1º BAC

SEMANA DO 30 MARZO AO 3 de ABRIL

1ª SESIÓN:

Nesta 1ª sesión da semana debedes corrixir o traballo que fixestes a semana pasada. Para facelo consultade o documentos coas correccións que os deixamos na apartado de Departamento de Lingua Galega e Literatura da Páxina Web do centro. Fixádevos ben, das correccións tamén se aprende.

2ª SESIÓN:

Imos practicar o traballo cos textos e repasar cuestións referidas á colocación do pronome persoal átono. Lede o texto e responde as cuestións. O alumnado de 1º BAC-B non debe responder as preguntas 6 e 7 porque non están explicadas.

Le con atención o texto expositivo *Un sabio das luces* e realiza as seguintes actividades:

UN SABIO DAS LUCES

Frei Martiño Sarmiento foi un monxe bieito, erudito ilustrado orixinal que, ademais das súas achegas no terreo filolóxico e das ciencias humanas e sociais, introduciu a ciencia newtoniana no panorama hispano do Século das Luces e, de maneira excepcional, sostivo a igualdade das mulleres na racionalidade e apreciou os seus saberes, considerándoas precursoras de moitos adiantos científico-técnicos xunto ós pobos indios de América e á ciencia oriental, nun momento álxido de eurocentrismo. Asumirá tamén, de maneira eminente, a defensa da lingua galega na comunicación, no ensino e na escrita.

Por se estas últimas características, ben raras nun científico ilustrado, non

abondaran, Sarmiento oporase á pena de morte, ó recrutamento forzoso de mozos e ás guerras, propoñendo, pola contra, o avance nas ciencias, nas técnicas, na educación e na agricultura na sociedade española e galega. Precisamente, o amor a Galicia será nel unha constante sobranceira que estará presente na súa correspondencia, erudita e persoal, así como en todos e cada un dos informes que redacta para poderosos ilustrados sobre mellora dos camiños, construción de faros ou investigacións metalúrxicas e botánicas.

Malia ser consultor de Felipe V e de Fernando VI, amigo de xentes poderosas **que** o admiraban e correspondente de importantísimos científicos europeos, o ilustre bieito xamais quixo honores relixiosos, académicos nin cortesáns, negándose mesmo a escribir nas Actas das Academias europeas ou a ser membro das institucións ilustradas, malia as múltiples invitacións **que** recibe, publicando, unicamente, á maior honra e gloria de Feixóo a quen considera "mestre e señor". Cando non lle queda máis remedio, acepta nomeamentos como o de Cronista de Indias ou o de Abade do mosteiro de Ripoll, pero procura deixalos con celeridade. Todo parece indicar **que** frei Martiño Sarmiento é feliz con saber quen é e o **que** quere ser.

*VV.AA:As mulleres na obra de Sarmiento (1695-1772): Sabias e racionais.
(fragmento adaptado).*

1. Indica cal é o tema do texto e fai un resumo.
2. Sinala a estrutura do texto. En cantas partes podemos dividilo? Xustifica a resposta.
3. Sinala algunha característica propia dos textos expositivos.
4. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *precursoras, eurocentrismo, sobranceira, celeridade.*

5. Explica o uso das comiñas en: "*mestre e señor*".
6. Explica o valor do pronome SE destacado no texto.
7. Indica se os QUE destacados no último parágrafo son conxuncións ou pronomes relativos.
8. Xustifica a colocación dos pronomes átonos nas seguintes oracións. É posible outra colocación? De ser así, sinálala. *Cando non lle queda máis remedio, acepta nomeamentos como o de Cronista de Indias ou o de Abade do mosteiro de Ripoll, pero procura deixalos con celeridade.*

3ª SESIÓN

Un pouco de literatura.

Le o tema 13: **Os Séculos Escuros e o Pre-Rexurdimento. A literatura galega nos Séculos Escuros** e realiza os seguintes exercicios:

-Exercicio 1 da páx.285. Aínda que os textos están en lingua castelá a túa resposta debe ser en lingua galega.

Decálogo: Conxunto de dez ideas

-Exercicios 1 e 2 da páx. 294

Debedes facer as tarefas no caderno de clase.

O próximo venres subiremos de novo os exercicios resoltos para

que vos autocorrixades

Moito ánimo!!!!!!!!!!

Xa queda menos!!!!!!

